

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### TUI

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE TUI*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión de 24 de novembro 2016, aprobou definitivamente a Ordenanza xeral reguladora de funcionamento do servizo de Conservatorio Profesional e Escola de Música municipal, coas modificacións introducidas á mesma de supresión dos artigos 14 e 15 da Ordenanza aprobada inicialmente, coa consecuente renumeración dos restantes artigos da ordenanza, procedéndose á publicación definitiva do texto íntegro da Ordenanza, aos efectos da súa entrada en vigor, de acordo co disposto no artigo 70 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, e que se transcribe literalmente:

#### **ORDENANZA APROBACIÓN DEFINITIVA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE TUI**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Conservatorio Profesional de Tui e a Escola de Música Municipal de Tui (da aquí en diante no resto do documento "Conservatorio e Escola de Tui") otorganlle a tódalas persoas, dende os 5 anos e sen límite de idade, acceder a una ensinanza artística de calidade, e cuxo principal obxectivo é a formación do alumnado e o goce da música. Todo isto enmárcase no dereito de todas as persoas á educación, promovendo tamén, a participación na vida cultural e artística da cidade.

O Conservatorio e Escola de Tui non só fomenta desde a infancia o coñecemento e apreciación da música, senón que tamén forma alumnos que posúen as aptitudes necesarias para acadar un nivel de calidade e excelencia que lles permita continuar os seus estudos superiores noutros centros.

O gran número de alumnos, máis de 300 na actualidade, aconsellan a aprobación dunha Ordenanza como instrumento básico para a organización e funcionamento do Conservatorio e Escola de Tui.



O marco xurídico sobre o que se apoia esta Ordenanza vén constituído por:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Orde do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da comunidade autónoma de Galicia.

A presente Ordenanza xeral reguladora do funcionamento do servizo do Conservatorio e da Escola de Tui, aborda os seguintes obxectivos:

1.- Considérase que a Ordenanza reguladora do funcionamento do Conservatorio e Escola de Tui debe de ir separada da Ordenanza fiscal para regular as taxas do Conservatorio e Escola de Tui, polo que se elaboraron por separado ambas, eliminando así do texto da Ordenanza Fiscal todo o relativo ás normas de funcionamento do Conservatorio e Escola de Música de Tui para regular esta materia nunha Ordenanza xeral que é a sede normativa máis adecuada.

2.- Procedeuse a redactar unha Ordenanza xeral reguladora do funcionamento do Servizo do Conservatorio e Escola de Tui, que aínda que recolle todos os artigos da regulación anterior inserida na Ordenanza fiscal reguladora da taxa, introduce modificacións ao longo da mesma que resultan obrigadas pola necesidade de adaptar a Ordenanza á realidade do servizo.

3.- A Ordenanza estrutúrase en cinco Títulos: I Disposicións Xerais, II Estrutura dos Ensinos, III Proceso de Admisión e Matriculación, IV Recursos Humanos, V Dereitos e Deberes dos alumnos e pais, con vinteun artigos e dúas disposicións finais.

## **ORDENANZA XERAL REGULADORA DO FUNCIONAMENTO**

### **TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 1. Obxecto**

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do réxime xurídico básico do servizo prestado a través do Conservatorio Profesional de Tui e a Escola de Música Municipal de Tui (da aquí en diante no resto do documento “Conservatorio e Escola de Tui”).



**Artigo 2. Definición e Normativa**

1.—Estes ensinós regúlanse pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e a Orde do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da comunidade autónoma de Galicia.

2.—Conservatorio e Escola de Tui son centros de ensino de réxime especial cuxa finalidade é ofrecer unha formación práctica dirixida a alumnos a partir de 5 anos, en nivel de iniciación e profesional e, se é o caso, orientadora para ensinanzas superiores.

3.—A formación que ofrece conduce á obtención de títulos con validez académica profesional.

4.—O Conservatorio e Escola de Tui, como centros de ensino, disporán dun Regulamento de Réxime Interno (RRI), que regulará o funcionamento interno do Centro.

**Artigo 3. Réxime xurídico**

O Conservatorio e Escola de Tui é un servizo público do Concello de Tui xestionado segundo o que establece o artigo 85.2a da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local.

**TÍTULO II: ESTRUCTURA DOS ENSINOS****Artigo 4. Características xerais**

A formación que se imparte no Conservatorio e Escola de Tui está dividida en varias etapas segundo o alumno/a este matriculado na Escola ou no Conservatorio.

Unha vez finalizada a formación, ben sexa na Escola ou no Conservatorio, os alumnos poden participar, por tempo indefinido, nos seus conxuntos instrumentais ou vocais.



**Artigo 5. Estudos de Música****1.- PLAN DE ESTUDOS**

<b>ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE TUI</b>		
<b>MÚSICA EN MOVIMENTO (sen instrumento)</b>		
1º curso (5 anos)	-Música en movemento (1 hora e 30 minutos semanais)	
2º curso (6 anos)	-Música en movemento (1 hora e 30 minutos semanais)	
<b>CON INSTRUMENTO</b>		
<i>CURSO</i>	<i>MATERIAS OBRIGATORIAS</i>	<i>MATERIAS OPTATIVAS</i>
Curso PREPARATORIO	- Lenguaxe Musical (2h./ semana) - Educación Auditiva (30min./semana) - Instrumento (30 min./semana)	- Coro Infantil (1h./semana)
1º Curso	- Lenguaxe Musical (2h./ semana) - Educación Auditiva (1h./semana) - Instrumento (30 min./semana)	- Coro Infantil (1h./semana) - Conxunto Instrumental elemental (1h./semana)
2º Curso	- Lenguaxe Musical (2h./ semana) - Educación Auditiva (1h./semana) - Instrumento (45 min./semana)	- Coro Infantil (1h./semana) - Conxunto Instrumental elemental (1h./semana)
3º Curso	- Lenguaxe Musical (2h./ semana) - Educación Auditiva (1h./semana) - Instrumento (1h./semana)	- Coro Infantil (1h./semana) - Conxunto Instrumental elemental (1h./semana)
4º Curso	- Lenguaxe Musical (2h./ semana) - Educación Auditiva (1h./semana) - Instrumento (1h.semana)	- Coro Infantil (1h./semana) - Conxunto Instrumental elemental (1h./semana)

As materias e a súa carga lectiva semanal do Conservatorio Profesional de Música de Tui axustaranse o marcado polo DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

**TÍTULO III: PROCESO DE ADMISIÓN E MATRICULACIÓN****Artigo 6. Admisión e oferta de prazas**

1.—Anualmente, abrirense dous prazos de matrícula:

- O período ordinario será nos meses de xuño-xullo, as datas concretas publicaranse previamente nas instalacións do Conservatorio e Escola de Tui, terán que cingirse ó fixado pola Consellería de Educación no seu calendario escolar.
- O período extraordinario será no mes de setembro para os alumnos que teñan que facer probas nesas datas e para alumnos de novo ingreso se hubese aínda prazas vacantes. Igualmente as datas serán publicadas con antelación nas instalacións e deberán axustarse o calendario escolar da Consellería de Educación.



2.—Soamente na Escola de Música contéplase a posibilidade de matricular unha vez iniciado o curso se quedasen plazas vacantes.

3.—As especialidades instrumentais que se ofertan no Conservatorio e Escola de Tui son:

- Batería
- Clarinete
- Contrabaixo
- Frauta traversa
- Guitarra clásica
- Guitarra eléctrica
- Gaita
- Percusión
- Piano
- Oboe
- Saxofón
- Teclado electrónico.
- Trombón
- Trompa
- Trompeta
- Tuba
- Viola
- Violín
- Violonchelo

4.—A materia instrumental será a partir dos 7 anos.

### **Artigo 7. Requisitos e condicións**

1.—Na Escola de Música de Tui é requisito cumprir 5 anos antes do 31 de decembro do curso escolar en que se solicita a praza.

2.—Presentar unha soa instancia por persoa na Dirección da Escola de Tui. De existir máis dunha instancia por solicitante quedarán automaticamente anuladas todas para os efectos de posible admisión.

3.—No Conservatorio é requisito da lexislación actual realizar unha proba de acceso para acceder ao Grao Profesional.



**Artigo 8. Solicitudes de ingreso da Escola de Música.**

1.—As solicitudes de ingreso para as novas matrículas estarán a disposición dos interesados nas Oficinas da Escola de Tui.

**Artigo 9. Admisión**

1.—A Admisión no Conservatorio Profesional encóntrase lexislada pola Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

2.—As solicitudes de novo ingreso para a ESCOLA faranse no modelo oficial e presentaranse na Escola de música, dentro do prazo establecido para tal efecto.

Dende a Administración responsable prestarase a colaboración necesaria ós usuarios para cubri-la solicitude, co fin de que os datos estean debidamente acreditados.

3.—En caso de insuficiencia de prazas na Escola, establécense os seguintes criterios de prioridade:

- 1º.- Minoría de idade a partir dos 7 anos.
- 2º.-Estar empadroadado no Concello de Tui.
- 3º.- Orde de inscrición.

**Artigo 10. Matriculación**

1.—A matriculación farase efectiva nas dependencias do Conservatorio e Escola de Tui, una vez cumpridos todos os requisitos esixidos.

2.—Os períodos de matriculación serán determinados pola dirección do Conservatorio e Escola de Tui.

3.—Os alumnos que xa pertencen ao Centro deberán cumprimentar una reserva de praza nas datas marcadas pola Dirección para poder realiza-la matrícula no curso seguinte.

4.—Os alumnos de novo ingreso terán unhas datas diferentes ao resto e dependerán das prazas vacantes.

5.—Na Escola os alumnos de Mantemento farán a súa matrícula en Setembro.



**Artigo 11.-Tarifas**

1.—As tarifas son as establecidas e aprobadas polo Concello de Tui, segundo se especifica na ordenanza fiscal correspondente.

**Artigo 12. Documentación**

1.—Os alumnos achegarán os seguintes documentos ao formaliza-la matrícula:

- Impreso da matrícula debidamente cumprimentado.
- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de ter pagado o seguro escolar (só alumnos menores de 18 anos)
- Xustificante de ter ingresada a taxa da Xunta (no caso do Conservatorio)

2.—Alumnos de novo ingreso ademáis presentarán:

- 1 fotografías tamaño carnet.
- Fotocopia do libro de familia (datos dos pais e do alumno)

3.—No caso de exención ou bonificación deberase presentar certificado oficial ou copia cotexada.

4.—Entenderase que o solicitante que non presente a documentación non prazo fixado desiste da praza, quedando excluído de todo o proceso.

**Artigo 13. Baixas**

1.—Son causa de baixa no Conservatorio calquera das que se expoñen de seguido, sen prexuízo de calquera outras que se poidan determinar, previo acordo dos órganos correspondentes.

- Solicitude do alumno e dos pais ou titores legais no caso dos menores de idade.
- Non pagamento das cotas establecidas.
- Comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados.
- Razóns que poidan xurdir, coa proposta da dirección do Conservatorio ou Escola de Tui.



**TÍTULO IV: RECURSOS HUMANOS****Artigo 14. Do profesorado**

1.—Os profesores teñen garantida a liberdade de cátedra, e o seu exercicio orientarase á realización dos fins educativos, cooperando coa Dirección do Centro no cumprimento da normativa vixente en materia de ensino.

2.—Os deberes e dereitos do profesorado en materia docente estarán contemplados no Regulamento de Rexime Interno (RRI) do Conservatorio e Escola de Tui, sempre axustándose á lexislación vixente nesta materia (Lei Orgánica de Educación [LOE] 2/2006, do 3 de maio, e demais normativa aplicable aprobada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia). No referente a dereitos e deberes laborais, éstos axustaranse ao Convenio Colectivo do Concello de Tui, ao Estatuto da función pública, ao Estatuto dos Traballadores e demais lexislación vixente aplicable.

3.—A Dirección do Conservatorio e Escola de Tui ten total autoridade para tomar calquera decisión concernente ao seu funcionamento, sempre conforme á lexislación vixente e contando coas seguintes aprobacións segundo o tipo de cuestión a tratar: aprobación do alcalde, da concelleira de cultura ou da inspección educativa da Xunta de Galicia. Calquera falta ou incidente, provocado polos alumnos, pais ou profesores, debe ser obrigatoriamente comunicado á Consellería de Educación do Concello de Tui, e en último termo á Inspección Educativa.

**Artigo 15. Funcións do Profesorado**

1.—As funcións do profesorado son, entre outras, as seguintes:

- A programación e a ensinanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.





- A contribución a que as actividades do centro desenvólvanse nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.
  - A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
  - A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
  - A participación na actividade xeral do centro.
  - A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
  - A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.
2. Os profesores realizarán as funcións expresadas no apartado anterior baixo o principio de colaboración e traballo en equipo.

## TÍTULO V: DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS E PAIS

### Artigo 16. Dereitos do alumnado

Sen menoscabo dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente, recoñécense os seguintes dereitos ao alumnado:

- O alumnado ten os mesmos dereitos, sen máis distinción que os derivados da súa idade e das ensinanzas que estean cursando.
- O exercicio dos dereitos do alumnado debe implicar o recoñecemento e respecto dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.
- O alumnado ten dereito a recibir una formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- O alumnado e as familias teñen dereito a que o Centro garde absoluta reserva de toda aquela información de que dispoña acerca das circunstancias persoais.
- O alumnado ten dereito a que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas ou ideolóxicas, así como a súa intimidade respecto ás mesmas.
- O alumnado ten dereito a recibir a información que poida afectarlles e, especialmente, a orientación académica e profesional axeitada para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.



- O alumnado ten dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- O alumnado ten dereito a que se lle respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes, discriminación por razón de nacemento, raza, relixión ou condición sexual.
- Cando non se respecten os dereitos do alumnado, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio de ditos dereitos, o órgano competente adoitará as medidas oportunas conforme ao disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, cando proceda, ao Consello Escolar.

### Artigo 17. Deberes do alumnado

O estudo constitúe o deber básico do alumnado e concéntrase nas seguintes obrigas:

- Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
- Respetar e cumprir cos horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro. Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e amosar ao profesorado o debido respecto e consideración.
- Respetar o exercicio de dereito ao estudo dos/as compañeiros/as.
- Coñecer e respectar o carácter e función das ensinanzas que se imparten nun Conservatorio Profesional de Música e darlle a prioridade que merecen, ademais da outorgada pola Lei ás ensinanzas de Réxime Xeral.
- Cumprir os obxectivos e tarefas que se expoñan nas clases nas que se produce falta de asistencia.
- Respetar e cumprir as decisións dos órganos unipersoais e colexiados do Centro adoitadas no exercicio das súas competencias e de acordo coa normativa.
- Respetar o patrimonio e os medios instrumentais do Conservatorio, e observar rigorosamente as normas establecidas nas presentes normas no que atinxe á utilización do material e equipamento do Centro.
- Entregar aos seus pais, nais ou representantes legais todas as notificacións que o Conservatorio lles faga chegar. Respetar as normas de convivencia do Centro.
- Levar consigo o material necesario.



### Artigo 18. Dereitos dos pais

Sen menoscabo dos dereitos establecidos pola normativa vixente, os Pais/Nais ou Titores Legais terán os seguintes dereitos:

- Participar activamente na vida do Centro de acordo coa lexislación vixente. Colaborar na función educativa, participando e promovendo distintas actividades.
- Participar nos órganos colexiados do Centro mediante os seus representantes elixidos democraticamente.
- Recibir do profesorado información puntual sobre a marcha dos seus fillos/as, ao igual que todo o relacionado co Plan de Acción Titorial.
- Defender os seus dereitos no que atinxe á educación dos seus fillos/as.
- A ser tratado con respecto e sen vexación por parte do resto da comunidade educativa e a non ser marxinado por razón de sexo, raza ou relixión.

### Artigo 19. Deberes dos Pais

Os/as pais/nais ou titores legais do alumnado teñen a obriga de favorecer o clima de entendemento co profesorado e de controlar o rendemento e o comportamento dos seus fillos/as no Centro.

Ademais teñen os seguintes deberes:

- Aceptar os obxectivos e principios expresados no PEC segundo o establecido nas Normas de Organización e Funcionamento.
- Fomentar nos seus fillos/as actitudes favorables para o Centro.
- Asistir ás convocatorias individuais ou colectivas do profesorado, da dirección do Centro ou de outros órganos do mesmo para tratar asuntos relacionados coa conduta ou rendemento escolar dos/as seus fillos/as.
- Respetar a dignidade e a integridade física e moral de todo o Claustro de Profesores.
- Xustificar por escrito de maneira axeitada as ausencias ou retrasos dos seus fillos/as cando se produzan.
- Fomentar e controlar entre nos/as seus fillos/as os hábitos de estudo, proporcionándolles o tempo e o lugar axeitado para realizar as súas tarefas.
- Informar ao titor/a, e este/a ao Equipo Directivo, de calquera problema físico ou doenza que padeza o/a alumno/a e que debe de ser coñecido polo Centro, acompañado da documentación correspondente.



### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Habilitación de desenvolvemento**

Facúltase á titular da área de Goberno competente na materia para interpretar e resolver cantas cuestións xurdan da aplicación e cumprimento da presente Ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor**

A presente Ordenanza aprobarase tal e como o contempla o artigo 49 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, e entrará en vigor unha vez transcorrese o prazo de reclamacións e se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, como está previsto no artigo 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local.

Tui, a 24 de novembro de 2016.—O Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

